



DECRETO 287 / 2016

Asunto: Convocatoria da mesa de contratación do expediente de adxudicación do servizo de axuda no fogar, apertura sobre B .

De conformidade co indicado na cláusula núm. 17 do pregos de cláusulas administrativas particulares que rixen o expediente para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Salceda de Caselas, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de maio de 2016, que establece que a documentación relativa aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante fórmulas abrírase nun acto de carácter público que terá lugar un prazo non superior a sete días a contar dende a apertura do sobre A.

Vista a acta da Mesa de Contratación celebrada o 5 de xullo de 2016, na que se procedeu á apertura dos sobres «A», admitíndose a totalidade das proposicións presentadas, que foron as seguintes:

- Núm. de rexistro de entrada: 3564 (14/06/2016). Empresa: Atendo Calidade S.L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3600 (14/06/2016). Empresa: IDADES S.L.
- Núm. de rexistro de entrada: 3603 (14/06/2016). Empresa: SOCISER GALICIA S.L.U.
- Núm. de rexistro de entrada: 3614 (15/06/2016). Empresa: Pedroso y Rojas S.L., Saluvi.
- Núm. de rexistro de entrada: 3767 (20/06/2016), presentado en Correos o 14/06/20 e remitido o resguardo por fax na mesma data. Empresa: TU MAYOR AMIGO S.L.

Visto que a Mesa de Contratación acordou celebrar o acto público de apertura do sobre B) denominado criterios sometidos a xuízo de valor, o día 8 de xullo de 2016 ás 8:30 horas, na sala de xuntas do Concello de Salceda de Caselas.

RESOLVO:

Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro día **8 de xullo de 2016, ás 8:30 horas**, na sala de xuntas do Concello, para proceder á apertura do SOBRE B denominado criterios sometidos a xuízo de valor, en sesión pública.

Efectuada a apertura do sobre B a Mesa de Contratación someterá a documentación a informe técnico das traballadoras de servizos sociais.

Salceda de Caselas, 5 de xullo de 2016

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez

Visto o Decreto,
A SECRETARIA

Berta Alonso Soto

